



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 655



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social formaliza coa Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) o instrumento convencional arriba referido que entra en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estende a súa vixencia ata o remate do curso académico correspondente a esa data, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre as partes para a mellora da intervención educativa co alumnado afectado de parálise cerebral e trastornos afíns.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social e a APAMP teñen interese en colaborar para mellorar a intervención educativa co alumnado da rede galega das escolas infantís 0-3, afectado de parálise cerebral e trastornos afíns, así como na prestación de servizos integrais ás súas familias.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 655



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e para o fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 14 de febreiro de 2017

